



4º ESO A

Física e Química

COMUNICACIÓN: plataforma Schoology, Espazo Abalar, correo conchiedmodo@gmail.com.

Teoría y ejercicios resueltos tema 4 (libro de texto):

Fotocopias de ejercicios propuestos y resueltos

Tecnoloxía e TIC

Os alumnos e alumnas terán a súa disposición na aula virtual actividades de reforzo para aqueles/as que non tiveran acadado unha avaliación positiva nalgún dos estándares traballados ata o momento.

Tamén haberá actividades de ampliación. Estas últimas precisan na súa maioría das TICs (software específico)

Por outra parte, poderán resolver dúbidas ou solicitar documentación a través do correo electrónico que docente e alumnado comparten.

Educación Física

Traballo sobre os Xogos Olímpicos (só alumnado pendente de entrega).

Teoría.

Realizar e presentar un traballo escrito.

Tema: fútbol sala e fútbol campo.

Formato da presentación: papel.

Extensión máxima: unha cara (para os dous).

Data da presentación: será fixada polos alumnos cando voltemos ao instituto.

Contidos mínimos: historia/orixe, terreo de xogo, número de xogadores, accións permitidas e prohibidas, sancións e países campións.

(Esta información é necesaria para que o alumno que queira poida adiantar traballo)

Práctica.

Deportes de cooperación/oposición: fútbol sala e voleibol.

Propoño, aínda non sendo contidos desta avaliación, facer algún exercicio físico ao ser necesario para contrarestar os efectos do sedentarismo.

Actividade física atendendo os seguintes vídeos en youtube:

- Pilates: Método Pilates - Entrenamiento en colchoneta
- Aerobic: clase de aerobic - Uni Valdecaballeros



Contacto: margaritavizioso@edu.xunta.es

Francés

Utilizarase Abalar como medio de comunicación.

Se trabaxará con los contenidos de la lección 4: "À l'aéroport".

- Sabrán informarse sobre un viaje y responder a preguntas básicas.
- Preguntarán a alguien si está al corriente de algo y responderán.
- Sabrán hacer una promesa y dialogar sobre ella.
- Aconsejarán algo a alguien.
- Sabrán decir a un amigo que no conoce su ciudad lo que podrá visitar cuando venga a verles.
- Léxico sobre los establecimientos escolares y el personal docente y no docente.
- Gramática: Los pronombres demostrativos, los adverbios de tiempo, las expresiones de tiempo, el condicional de los verbos irregulares.
- Fonética: Las semivocales y las semiconsonantes. La entonación.
- Civilización: Québec, Montréal.

Música

Comunicaranse pola Aula Virtual con actividades de repaso tanto prácticas con instrumento como prácticas de linguaxe e teoría no horario de clase.

Lingua Castelá

A lo largo de las tres sesiones de clase de esta semana deberán resolver fichas de repaso de morfología y tareas de lectura que les colgará su profesora en Drive. Deben hacerlas en la libreta o bien, si disponen de medios, podrían imprimir la ficha y escribir las soluciones sobre ella. Al final de la semana les dará indicaciones sobre la corrección de las mismas.

Contacto: beleng47@gmail.com.

Filosofía

O departamento de filosofía vai utilizar como medio de contacto o correo electrónico (cagigao@edu.xunta.es), e as tarefas son as seguintes:

- Ler os seguintes apuntes (correspondentes ás dúas últimas clases) e contestar ás preguntas do texto que aparece ao final:



INDIVIDUO, SOCIALIZACIÓN E CULTURA

O termo **individuo** ten dous significados:

- Calquer membro dun conxunto.
- Algo que ten existencia propia e non é parte doutra cousa.

Os homes somos individuos nos dous sentidos: somos membros da "clase humana" e temos existencia propia. Aínda que o home nace moi dependente polo que para chegar a ser individuos, necesitamos que outros nos amparen e nos proporcionen unha cultura.

Asimilar unha cultura é unha necesidade humana básica. Mentras que ls demais animais heredan unhas pautas de comportamento fixadas nos xenes da súa especie e a penas necesitan aprendizaxe, o ser humano ten que aprendelo todo dos demais para poder sobrevivir e chegar a comportarse como humano.

O home sempre viviu en grupo e cada grupo desenvolve unha **cultura** propia. Cultura é todo aquilo que aprendemos en sociedade. As culturas están constituídas por elementos que se agrupan en dous ámbitos:

- material: medios de vida(agicultura, pesca...)e artefactos(ferramientas, medios de transporte, inventos...)
- inmaterial:crenzas relixiosas, normas, valores,saberes técnicos, etc.

A clave da aparición da cultura é a linguaxe humano, que ademais de permitir a comunicación tamén permite manter unhas normas, unha memoria do grupo cultural, dos saberes, das crenzas, etc.

Moitas culturas actuais son unha mezcla de diversas culturas antigas e teñen alcanzado gran complexidade. Por elo os individuos que nacen nelas necesitan recibir educación durante toda a vida. Por outro lado, nunha mesma sociedade soen convivir grupos culturais diferentes. Nestos casos dise que a sociedade é multicultural. Casi todas as sociedades modernas son multiculturais.

PROCESO DE SOCIALIZACIÓN

Como xa se dixo antes as persoas necesitamos asimilar a cultura do grupo social dentro do que nacemos. Esta asimilación é o que se denomina proceso de socialización que se inicia cando nacemos e dura toda a vida. Podemos definir a socialización como o proceso mediante o cal os e as humanas aprendemos a ser membros da sociedade na que vivimos interiorizando as crenzas, as normas e os valores da nosa cultura. Neste proceso pódense distinguir dúas etapas:

. **A socialización primaria:** na que realízanse os aprendizaxes máis básicos para a supervivencia e convivencia(hábitos de alimentación, hixiene, lingua materna....). Lévese a cabo no entorno no que se nace e se realiza mediante la imitación e os xogos .

A socialización secundaria:abarca desde a adolescencia ata o final da vida. E nesta etapa a persoa leva a cabo toda clase de aprendizaxes, algúns formais (os que leva a cabo na escola,el instituto ...) outros informais (os que asimila en grupos de amigos, medios de comunicación...).



AXENTES DE SOCIALIZACIÓN

Os axentes de socialización son as institucións, grupos, asociacións e organizacións que directamente o indirectamente contribúen ao proceso da socialización.

A familia e a pandilla desempeñan unha función decisiva por as súas características peculiares. Na familia adquirese a linguaxe, os valores e exerce a maior influencia socializadora. A familia, sobre todo o núcleo familiar máis íntimo e cercano, ten a responsabilidade de atender tanto as necesidades físicas do individuo, como as necesidades psicolóxicas.

Así mesmo, as dinámicas familiares determinarán a evolución da persoa tanto a nivel de personalidade, como a nivel cognitivo e de conduta. As relacións con pais e irmáns, aportan unha información esencial para o neno sobre como interactuar con outras persoas, xenerando así patróns de comportamento básicos que lle permitirán nun futuro adaptarse mellor á sociedade.

No grupo de amigos acentúanse os rasgos importantes da propia personalidade, a capacidade de iniciativa ou o sentido crítico. O individuo adopta comportamentos que supoñen que os demás esperan del.

A **escola** supón a aceptación dun determinado orde e o recoñecimento dunha autoridade dos profesores. Encóntrase relacionado con persoas da mesma idade e colabora en tarefas académicas e lúdicas. A escola otorga a oportunidade de relacionarse diariamente con amigos e iguais, facendo consciente ao neno de que poden existir diferenzas na maneira de proceder, actual e pensar dos outros. Ademais, a relación entre o corpo de profesores e os alumnos proporciona o coñecemento de que tamén existen xerarquías institucionais e como interactuar con elas.

Oos medios de comunicación desempeñan forzas moldeadoras da conducta social. O vestir de determinada forma, hábitos consumistas... Un axente socializador que cada vez adquire máis importancia son os medios de comunicación. Ademais dos medios tradicionais como a televisión, a prensa ou a radio; o avance de Internet e as redes sociais está exercendo un importante efecto sobre a maneira de socializar as persoas. É imposible ignorar o cambio que se está a producir na maneira de socializar, influenciados polas redes sociais. As cales conseguiron alterar as dinámicas e patróns de comportamento das persoas en relación coa interacción con outros.

-Texto:

"Cultura o civilización, tomada no seu amplo sentido etnográfico, é ese complexo de coñecementos, crenzas, arte, moral, dereito, costumes e calquera outras aptitudes e hábitos que o hombre adquire como membro da sociedade"

E.B. Tylor, *La cultura primitiva*.

.Significado da expresión "en sentido etnográfico".

Crees que pode existir unha sociedade humana sin cultura? Por que?

-Os que queiran poden mellorar o traballo do libro "Rebelión en la granja"



Educación Plástica

Crearase un curso na aula virtual : 4º ESO ED. PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

Aquí colgaranse as actividades a desenvolver durante este período, así como un listado das que levan feitas ao longo do curso para que aqueles alumnos que non teñan as actividades ao día poidan facelas. Ao longo desta semana notificarase aos pais/nais cales de estas actividades están pendentes de entregar ou según o caso repetir.

Inicialmente a comunicación entre alumnado-profesora será no horario lectivo de cada materia a través da mensaxería Abalar, podendo mais adiante facelo a través da aula virtual, cando todos/as nos familiaricemos coa mesma (notificaríase aos alumnos). Se houberse algunha dúbida fora do horario da materia a profesora tentará atendela igualmente coa maior brevidade dentro da medida do posible.

Matemáticas

Todo o material estará colgado na aula virtual do centro tendo ademais a posibilidade de contactar coa profesora a través do seu correo electrónico pofemates@gmail.com para enviar material ou resolver calquera dúbida ou aclaración.

En tódolos cursos o esquema é o seguinte:

O primeiro tema contén teoría, direccións de páxinas web de recursos interactivos e boletíns de exercicios de repaso para afianzar os contidos do segundo trimestre pendentes de avaliar.

O segundo tema consta de exercicios da materia que estabamos comezando a explicar, que será avaliable no terceiro trimestre.

A profesora estará a disposición do alumnado e, por suposto, tamén da dirección do centro, no seu horario habitual.

Latín

Comunicación coas alumnas a través da Aula Virtual (utilizárase o foro para preguntar dúbidas para que resulte máis interactiva a aprendizaxe) e/ou correo electrónico.

Tarefas:

Seguirán o temario indicando os exercicios que se deben realizar para a práctica dos aspectos morfolóxicos correspondentes e a posteriori as solucións para que as alumnas poidan corrixir os exercicios.



Xeografía e Historia

- Envío do traballo a través da **AULA VIRTUAL DO INSTITUTO**
- Para consultar calquera dúbida ou para devolver ao profesor os exercicios feitos para ser revisados a través de **GOOGLE DRIVE**

16 de marzo.

Realización das preguntas 5-8 do boletín de traballo do o PERÍODO DE ENTREGUERRAS

17 marzo

Realización das preguntas 9-14 do boletín de traballo do o PERÍODO DE ENTREGUERRAS

23 de marzo

Realización das preguntas 15-19 do boletín de traballo do o PERÍODO DE ENTREGUERRAS

24 de marzo

Realización das preguntas 20-25 do boletín de traballo do o PERÍODO DE ENTREGUERRAS

26 de marzo

Realización das preguntas 26-31 do boletín de traballo do o PERÍODO DE ENTREGUERRAS

Inglés

Modo de contacto. Fará uso da Aula Virtual para colgar as distintas tarefas e links. Os alumnos poderán pórse en contacto con el no correo: fgarciacasa@gmail.com . Ademais as familias poden ser informadas a través de Abalar.

1)International Women´s day URL <https://learnenglishteens.britishcouncil.org/study-break/video-zone/international-womens-day-we-are-women> **Tasks** : 1. Check your understanding: gap-filling 2. Check your vocabulary : grouping

2) Food in Britain What do you think of as typical British food? Roast beef? Fish and chips? Tea and cakes? Or maybe there's more to British food than that? Check out this video to find out about what people in the UK are eating these days. URL <https://learnenglishteens.britishcouncil.org/uk-now/video-uk/food-britain> **Tasks:** 1. Instructions and preparation 2 Gap-filling: Countries and nationalities 3 Vocab : Matching food

3) Difficult situations. Listen to the people discussing different problems and do the exercises to practise and improve your listening skills. URL <https://learnenglishteens.britishcouncil.org/skills/listening/intermediate-b1-listening/difficult-situations> **Tasks:** 1 Read Instructions 2 gap-filling 3 worksheets and downloads

4) Boarding schools in the UK . What are lessons like in UK boarding schools? Students talk about the subjects and classes they like. URL <https://learnenglishteens.britishcouncil.org/uk-now/video-uk/boarding-schools-uk-class> **Tasks** : 1) Read the instructions 2) True False exercise 3) Gap-filling task 4) Grammar gap-filling

5) Live music . What's it like to be at one of Britain's many summer music festivals? Amandeep hangs around backstage with band British Sea Power, experiences festival life first-hand, and talks to festival goers about



what it's like for them. URL <https://learnenglishteens.britishcouncil.org/uk-now/video-uk/live-music> **Tasks:** 1.

Instructions and preparation. 2. Multiple choice 3. Gap-filling

6) Wedding Day. What happens at a traditional Christian wedding in the UK? And what other types of wedding are there? Join Amandeep as she meets a young British couple on their wedding day. URL

<https://learnenglishteens.britishcouncil.org/uk-now/video-uk/weddings> **Tasks :** 1) Instructions and preparation

2) True-False 3) Gap-filling exercise on prepositions

Lingua Galega

-Temas de narrativa de posguerra (t. 8 e 9).Teñen que facer comentarios literarios dos autores correspondentes.

- " Contextualización da literatura galega actual" (t.10)

- Exercicios de sinónimos.